

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA NOVE DE XUÑO DE 2009, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
Excusa asistencia D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e dúas horas e vinte minutos do día nove de xuño de dous mil nove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día dous de xuño do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 915/09 de dona Hermitas Fernández Ferreiro

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a construción dun cerramento con base de bloques, postes e arame, de aproximadamente 150 mts de lonxitude, no lugar de Fufín, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 mts de distancia dende o eixe do vial; garantirase o natural discorrer da augas e en caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; em cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfec-



tamente rematado. Ademais a altura total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas e impostos municipais correspondentes, que ascenden, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento cincuenta e tres euros con vinte e un céntimos (#153,21#)

2.2.- Instancia num.37/09 de don José M. Barreiro Costa

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Paradela - San Xián, solicita a modificación da licenza concedida (nº 177/07) para a construción dunha vivenda unifamiliar en Paradela, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ó 30% da parcela neta; num. Plantas B+1. Altura máxima da cornixa menor a 7,00 mts e un coeficiente inferior a 0,30 m2 de superficie edificable baixo teito por cada m2 de parcela neta, segundo os planos modificados do proxecto presentado redactado polo arquitecto don Julio Vázquez Suárez.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a modificación da licenza solicitada, debendo as obras axustarse as seguintes condicións: as placas solares deberán inscribirse dentro do plano dos 30 grados dende a horizontal máxima da cuberta

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas correspondentes, que ascenden, á cantidade de sesenta (#60,00#) euros

2.3.- Instancia num. 939/09 de don Manuel Carpinteiro Carrillo

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para a construción de canalización cruzando un vial municipal, no lugar de Corbeixe

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: levaranse a cabo sen que interrompan o natural discorrer das augas e non se danará a calzada, debendo deixar o pavimento nas mesmas condicións nas que estaba.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaioito euros con tres céntimos (#18,03#)

2.4.- Instancia num. 438/09 de dona Rosa María Barreiro Mougán

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en A Estrada, solicita licenza para a restauración dun valo existente de peche da parcela existente e construción dun tramo novo con base de pedra e reixa, de aproximadamente 40 mts de lonxitude, no lugar de Agrelo -Santa Cruz de Ribadulla, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes con-



dicións: a distancia mínima para o cerramento será de 10,50 mts de distancia en relación ó vial da Deputación CP-8901 e 5,00 mts de distancia dende o eixe do vial municipal; garantírase o natural discurrir das augas e en caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó comezo das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica será feito con pedra do país semellante ó existente; a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha máxima de 1,50 mts. Ademais as condicións establecidas pola autorización de patrimonio: o enreixado metálico será de deseño miúdo evitando historicismos e o seu material non será aluminio, senón ferro, que deberá ser pintado en cor escuro

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros con oitenta e sete céntimos (#50,87#)

3º.- Certificacións de obras

3.1.- Certificación num. 1 da obra *Acondicionamento e ampliación do local social de San Pedro de Sarandón*

Dáse conta da certificación num. 1 da obra de *Acondicionamento e ampliación da local social de San Pedro de Sarandón*, por importe de trinta e nove mil cento vinte e oito euros con sesenta e oito céntimos (#39.128,68#), que representa unha execución do 70% da obra, incluída no Fondo Estatal de Inversión Local (FEIL) e adxudicada pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día catro de marzo do ano que andamos a Promotora Matimán, S.L, sendo o director da mesma a arquitecta dona Eva M^a. Abastida.

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación

3.2.- Certificación num. única da obra *Peche da pista polideportiva de Paradela*

Dáse conta da certificación num. única da obra *Peche da pista polideportiva de Paradela*, por importe de vinte e oito mil setecentos trinta e catro euros con setenta céntimos (#28.734,70#), incluída no Fondo Estatal de Inversión Local (FEIL) e adxudicada pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día catro de marzo do ano que andamos a Promotora Matimán, S.L, sendo o director da mesma o arquitecto don Fermín González Blanco

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación

4º.- Acordo, se procede, sobre devolución de avais

4.1.- Escrito num. 425/09 de Aixma Obras y Servicios, S.L

Dáse conta do citado escrito no que don Juan Ramón Mariño Tojo, en representación de Aixma Obras y Servicios, S.L, solicita a devolución do aval constituído para responder da execución da obra *Arranxo de pistas en Caldelas, Socastro, Os Muíños e outros*, por importe de dous mil cento setenta e seis euros (#2.176,00#)

Dáse conta asimismo que durante o periodo de exposición pública nons e presentaron reclamacións



A Xunta de Goberno acorda acceder ó solicitado

4.2.- Escrito num. 426/09 de Aixma Obras y Servicios, S.L

Dáse conta do citado escrito no que don Juan Ramón Mariño Tojo, en representación de Aixma Obras y Servicios, S.L, solicita a devolución do aval constituído para responder da execución da obra *Arranxo de pistas en Roelle, Trasariz, Ramil, Illobre, Cibrán e outros*, por importe de dous mil douscentos euros (#2.200,00#)

Dáse conta asimismo que durante o periodo de exposición pública nons e presentaron reclamacións

A Xunta de Goberno acorda acceder ó solicitado

5º.- Acordo, se procede, sobre adxudicación provisional da obra de ampliación da rede de abastecemento en Ponte Ulla

En relación coa obra de *Ampliación de rede de abastecemento en Ponte Ulla (código 09.3300.00090.0)* incluída no Plan de Cooperación cos concellos (PCC 2008-2011), anualidade 2009, de acordo co establecido no prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a citada licitación, aprobadas polo Pleno da Deputación en sesión extraordinaria celebrada o día 25/04/2008 e publicadas no BOP num. 98/08, do 29 de abril, publicouse anuncio de licitación no xornal El Correo Gallego o día 17/04/2009 e máis no Perfil do Contratante (www.concellodevedra.com).

Durante o prazo de presentación de proposicións presentaron oferta económica as seguintes empresas: Aquagest Promoción Técnica y financiera de abastecimiento de auga, S.A; Obras y Viales de Galicia, S.L; Promotora Matimán, S.L; Manuel Sobredo, S.L; Excavaciones Ovidio, S.L; Proyecta actividades profesionales de la construcción, S.L e Adecón, S.L.

A Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- En función e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación declarar válida a licitación e adxudicar provisionalmente o contrato de obras de *Ampliación da rede de abastecemento en Ponte Ulla* á proposta num. 6 de Proyecta, actividades profesionales de la construcción, S.L ó ser a empresa que obtivo á maior puntuación no proceso de valoración das referencias técnicas e oferta económica (87,00 puntos) no prezo de noventa e oito mil novecentos corenta e nove euros con trinta e oito céntimos (#98.949,38#) IVE incluído, que representa unha baixa de trinta e tres mil novecentos catro euros con vinte e cinco céntimos (#33.904,25#) euros sobre do tipo.

Segundo.- Notificar a adxudicación provisional a todos os candidatos que non resultaron adxudicatarios

Terceiro.- Notificar e requirir a Proyecta, actividades profesionales de la construcción, S.L, adxudicatario provisional do contrato, para que presente, dentro dos quince días hábiles seguintes á data de publicación da adxudicación provisional no Perfil de Contratante, a documentación xustificativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e calesquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar, a sí como constituir a garantía definitiva

Cuarto.- Publicar a adxudicación provisional do contrato mediante anuncio no Perfil do Contratante



Quinto.- Designar como técnico - director da obra a don Fernando Faya Martínez.

6º.- Acordo, se procede, sobre aprobación definitiva de padróns fiscais de taxas municipais do exercicio 2009.

6.1.- Padrón Fiscal da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública*

Dáse conta dos listados definitivos correspondentes ao Padrón Fiscal da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública do exercicio 2009*, formados una vez rematada a súa exposición pública polo prazo dun mes (contado dende a publicación do correspondente edicto no BOP núm. 99, do 04/05/2009) e logo da realización das actuacións de xestión tributaria pertinentes, sendo as súas cifras as seguintes:

Número total de recibos: 1.870.

Importe total do Padrón: 129.694,10 euros.

Estudados os mesmos, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar definitivamente o Padrón Fiscal da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública do exercicio 2009*, coas cifras indicadas.

2º.- Remitir o citado Padrón á Excma. Deputación Provincial de A Coruña para a súa recadación, segundo a delegación feita no seu día.

6.2. - Padrón Fiscal da *taxa por rede de sumidoiros*

Dáse conta dos listados definitivos correspondentes ao Padrón Fiscal da *taxa por rede de sumidoiros do exercicio 2009*, formados una vez rematada a súa exposición pública polo prazo dun mes (contado dende a publicación do correspondente edicto no BOP núm. 99, do 04/05/2009) e logo da realización das actuacións de xestión tributaria pertinentes, sendo as súas cifras as seguintes:

Número total de recibos: 196.

Importe total do Padrón: 7.065,00 euros.

Estudados os mesmos, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar definitivamente o Padrón Fiscal da *taxa por rede de sumidoiros do exercicio 2009*, coas cifras indicadas.

2º.- Remitir o citado Padrón á Excma. Deputación Provincial de A Coruña para a súa recadación, segundo a delegación feita no seu día.

7º.- Aprobación, se procede, de bases para a contratación laboral temporal de dúas prazas de peón especialista de protección civil

Dáse conta da proposta de bases para a provisión de dúas prazas de peón especialista de protección civil mediante a modalidade contractual de contrato de duración determinada por obra ou servizo, a tempo completo e cunha duración de tres meses para a atención da campaña de incendios, festexos populares e celebración de eventos que se realicen durante o verán

Dáse conta asimismo do informe favorable da Comisión Informativa de Asuntos Xerais

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas bases.



8º.- Outros asuntos

8.1.- Solicitud de tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida

Dáse conta do escrito num. 971/09, no que dona M^a. Carmen Veiga García, con domicilio en Viño grande - San Andrés de Iobre, expón que ten unha porcentaxe de minusvalidez do 70% segundo certificado emitido polo Equipo de valoración da Xunta de Galicia que precisa usar cadeira de rodas, polo que solicita que se lle expida tarxeta de aparcamento, segundo modelo establecido na Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000, que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición

A Xunta de Goberno acorda acceder ó solicitado

Conclúe ó fio das vinte e tres horas e trinta minutos

